



«Cornelia», na praia da Lanzada hai 2000 anos

Xoán Bernárdez Vilar

A parte que segue presenta unha costa dereita por un tempo; logo penetra un pouco, e despois avanza gradualmente para volver a penetrar, delongándose dende alí en liña recta ata o Promontorio que chamamos Céltico. Os célticos ocupan toda a costa.

Chorografía, III, 9

O parágrafo que antecede é derredor do ano 45. Responsable do mesmo foi o xeógrafo romano Pomponio Mela, nado en Tingentera, localidade cuxa denominación foi mudada polos árabes, uns setecentos anos máis tarde, pola de Tarifa, no Estreito de Xibraltar. Nel Mela describe a costa do noroeste peninsular, dende o actual río Douro, seguindo polas Mariñas de Oia, e as Rías Baixas, ata o Promontorio Céltico, hoxe o Cabo Fisterra, accidente que arredor de medio século antes, tanto Marco Vipsanio Agrippa coma Strabón de Amasia, de-

nominaran Nerio, en atención ao pobo deste nome situado nas súas inmediacións. Cara ao ano 75, sen embargo, Caio Plinio, que residiu algún tempo na Gallaecia, sabía que o seu nome correcto era o de Promontorio Céltico.

En tan breve e precisa información xeográfica están incluídos os tres quilómetros da praia da Lanzada, unha área ininterrompidamente habitada dende o século VIII a. C. ata o IV d. C., e intensamente escavada durante o último século, conseguíndose así achados, tanto púnicos coma galaicos e romanos, que demostran que en tal período, especialmente na Idade do Ferro –do IV a. C., ao I d. C.–, foi un centro de intercambio comercial con negociacións e exportacións tanto a media como a longa distancia. Un período no que, segundo a arqueoloxía, e antes de que os romanos a invadiran, Galicia